

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AMES

Creación de bolsa de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE 0108 Montaxe e Mantemento de instalacións solares fotovoltaicas do obradoiro de emprego "Renova VII"

ANUNCIO

Creación de bolsa de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE 0108 Montaxe e Mantemento de instalacións solares fotovoltaicas do obradoiro de emprego "Renova VII" Expediente Gd 18359/2024

Mediante acordo de Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 13/03/2025 adoptouse o acordo de aprobar as bases e convocatoria para creación de bolsa de agarda para o posto de mestre/a da especialidade ENAE 0108 Montaxe e Mantemento de instalacións solares fotovoltaicas do obradoiro de emprego "Renova VII"

ANEXO

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE AGARDA PARA O POSTO DE MESTRE/A DA ESPECIALIDADE ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RENOVA VII"

Este programa está subvencionado ao amparo da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), publicada no DOG núm. 38 do 22 de febreiro de 2024. Respéctanse o establecido na Resolución de concesión da subvención, de data do 19 de agosto de 2024 notificada o 21 de agosto de 2024 e con Núm. de expediente 15/0022/2024 e a circular recibida xunto con dita resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a circular "Instrucións en relación co procedemento de selección de persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego. Convocatoria 2024-25" de data 15 de xullo de 2024.

As persoas seleccionadas percibirán as retribucións que se sinalan no proxecto elaborado polas entidades promotoras do mesmo (Concello de Ames e Brión), conforme a normativa xurídica aplicable, sin que poidan participar na distribución de fondos, nin percibir retribucións distintas as establecidas.

As **especialidades** a impartir son as seguintes:

- a) **Certificado de profesionalidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS**
- b) **Módulo do certificado de profesionalidade MF0820_2 INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN EDIFICIOS DE VIVENDAS**

A **distribución** por concellos é a seguinte:

1. Concello de Ames: 15 alumnos/as
2. Concello de Brión: 5 alumnos/as

As **actuacións** a realizar son as seguintes:

- Instalación fotovoltaica Escola Infantil "A Madalena" - Milladoiro (Código do proxecto: OBRA AMES 1)
- Instalación fotovoltaica Escola Infantil "O Bosque"- Bertamiráns (Código do proxecto: OBRA AMES 2)
- Instalación fotovoltaica Escola Municipal de Música de Brión (Código do proxecto: OBRA BRIÓN 3) (Pendente de incorporación ao proxecto pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración)
- Instalación puntos de recarga automóbiles híbridos (código do proxecto: OBRA BRIÓN 4)
- Renovación alumeado interior e mellora de eficiencia enerxética en edificios Concello de Ames (Código do proxecto: OBRA AMES 5)
- Mtto. 1: Mantemento de instalación fotovoltaica no centro de formación e emprego do concello de Ames.
- Mtto. 2: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol de Bertamiráns, no concello de Ames.
- Mtto. 3: Mantemento de instalación fotovoltaica no pavillón polideportivo de Bertamirans, no concello de Ames.

- Mtto. 4: Mantemento de instalación fotovoltaica no campo de fútbol do Milladoiro, no concello de Ames.
- Mtto. 5: mantemento de instalación fotovoltaica na casa da cultura e en instalacións deportivas do Milladoiro, no concello de Ames.
- Mtto. 6: Mantemento de instalación fotovoltaica Escola Infantil de Brión 2
- Mtto. 7: Mantemento de instalación fotovoltaica pavillón polideportivo de Brión.
- Mtto. 8: Mantemento de instalación fotovoltaica espazo colaborativo Transformando do concello de Brión.
- Mtto. 9: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Ameixenda do concello de Ames.
- Mtto. 10: Mantemento de instalación fotovoltaica depuradora de Milladoiro do concello de Ames.
- Mtto. 11: Mantemento de instalación fotovoltaica centro social Polivalente de Brión.
- Mtto. 12: Mantemento instalación fotovoltaica ETAP de Lens do concello de Ames-Brión.
- Mtto. 13: Mantemento de instalación fotovoltaica pérgola FV biblioteca do concello de Brión.
- Mtto. 14: Mantemento e conservación instalación fotovoltaica EDAR de Sisalde do concello de Ames.
- Mtto. 15: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Bertamiráns.
- Mtto. 16: Mantemento de instalación fotovoltaica piscina municipal de Milladoiro.

O obradoiro terá unha duración de 9 meses e formará a 20 alumnos/as traballadores/as. Dito obradoiro comenzou o 2 de decembro de 2024 e rematará o 1 de setembro de 2025.

1ª.- OBXECTO

As presentes bases teñen como obxecto regular o procedemento selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para cubrir o posto de “Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS” e de acordo co previsto no artigo 1,2 letra d) do Regulamento de Bolsas de Traballo do Concello de Ames (BOP número 212 do 7.11.2018).

A través do procedemento de selección que se sinala nestas bases e na instrución da Dirección Xeral de Formación e Colocación de data 15 de xullo de 2024, así como no Real Decreto 818/2021, de 28 de setembro, e no Real Decreto 659/2023, de 18 de xullo, en relación co procedemento de selección do persoal directivo, docente e de apoio así como do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego e demais disposicións de pertinente aplicación, o obxecto desta convocatoria é creación dunha bolsa de emprego para o posto de:

1 Mestre/a da especialidade ENAE0108 MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS (xornada completa)

2ª MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO

A modalidade contractual que se aplicará para o persoal substituto/a será en todo caso o dun contrato de persoal laboral temporal para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral denominado “Obradoiro Dual de Emprego Renova VII”. A relación con este persoal rexeráse pola normativa que é de aplicación na actualidade. A duración do contrato será de ser necesario, dende a formalización do contrato e ata o 1 de setembro de 2025 que remata o obradoiro de emprego.

2. Características do posto

MESTRE CON FORMACIÓN ESPECIALIZADA EN INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

FUNCIÓNS:

Será contratado/a a xornada completa 1 mestre/a para a especialidade **MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTOVOLTAICAS ENAE0108**.

A/s persoa/s candidata/s que supere/n o proceso pasará/n a integrar a listaxe de agarda, e no suposto que haxa que substituír á persoa que inicialmente ocupa o posto, de forma temporal ou definitiva ata o remate do Obradoiro, encargarse de impartir a formación correspondente ao seu oficio e de actuar como mestre/a das súas especialidades nas obras ou actuacións que se leven a cabo como práctica profesional do alumnado traballador.

As súas funcións serán:

1. Elaborar, xunto co/a director/a, a programación didáctica das respectivas áreas ou módulos formativos do certificado de profesionalidade.
2. Desenvolver, cumprir e impartir o programa formativo na aula e nas obras a executar, incluíndo a preparación previa dos contidos teórico-prácticos a impartir e a realización das actividades relacionadas cos contidos.

3. Responsabilizaranse da aprendizaxe do alumnado traballador, de todas as normas en xeral, do regulamento de réxime interno e das normas de seguridade e saúde en particular.
4. Controlarán a asistencia, puntualidade, actitude e rendemento do alumnado traballador, notificando á dirección do obradoiro das incidencias que se produzan.
5. Responsabilizaranse do mantemento, conservación e custodia dos materiais, ferramentas e maquinaria que lles sexan asignados, así como a organización da aula-taller e espazos de execución dos traballos.
6. Cursarán á dirección do obradoiro as solicitudes de compra de materiais, ferramentas e maquinaria necesarios para o normal desenvolvemento da súa actividade.
7. Contribuirán á orientación profesional e laboral do alumnado traballador.

REQUISITOS MÍNIMOS:

1. Segundo o artigo 168 do Real decreto 659/2023 a persoa candidata debe reunir UN dos seguintes requisitos:

a) Nivel académico:

Titulación requirida polo certificado de profesionalidade MONTAXE E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS SOLARES FOTO-VOLTAICAS ENAE0108 (RD 1381/2008, de 1 de agosto, modificado por el RD 617/2013, de 2 de agosto).

Ademais, deben dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia.

b) Pertencer ás especialidades docentes habilitadas para impartir formación profesional no sistema educativo.

c) Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir e dispoñer do Certificado Profesional de habilitación para a docencia, salvo que se acollan a algunha das excepcións dispostas no artigo 168.5 do citado Real decreto.

2. CELGA 4

3. Carné de conducir B.

ENTREVISTA:

Na que se valorarán as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria. Puntuarase ata un máximo de **7 puntos**.

VALORACIÓN DO CURRÍCULUM:**1. Titulación académica relacionada coa que se oferte a máis axeitada ao obradoiro:**

Doutoramento: 1.25 puntos.

Master universitario, ata 500 horas: 0.75 puntos; máis de 500 horas: 1 punto.

Posgrao universitario, ata 100 horas: 0.25 puntos; máis de 100 horas: 0.50 puntos.

Titulación universitaria: licenciatura ou grao, 1.5 puntos; diplomatura universitaria, 1 punto.

Título de técnico/a superior en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.10 puntos.

Título de técnico/a medio en formación profesional da rama correspondente, ou o seu equivalente: 0.05 puntos.

Esta puntuación é acumulable, sendo a máxima posible **2 puntos**.

A titulación mínima esixida unicamente se terá en consideración para determinar a admisión do/a aspirante. As titulacións avaliadas teñen que estar relacionadas coas funcións a desenvolver.

Valoraranse unicamente como máster universitario ou posgrao os que así se identifiquen no propio título ou veñan acompañados dunha certificación que acredite a dita categoría de máster ou posgrao.

2. Experiencia profesional:

Experiencia profesional en postos similares desenvolvidos en escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 5 puntos.

Experiencia profesional en postos similares adquirida fóra do ámbito das escolas obradoiro, casas de oficios, obradoiros de emprego ou formación ocupacional: 0,50 puntos por cada 6 meses traballados ata un máximo de 2 puntos.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de experiencia profesional é de **7 puntos**.

3. Cursos realizados:

Os cursos relacionados coas funcións a desenvolver, sempre que tiveran unha duración mínima de 20 horas lectivas valoraranse como segue:

- Cursos de 20 a 99 horas lectivas: 0.10 por curso
- Cursos de 100 ou máis horas lectivas: 0.20 puntos por curso

Aqueles cursos nos que non se especifica o número de horas non se valorarán.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias, congresos... non será obxecto de puntuación.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos é de 2 puntos.

4. Cursos de formación didáctica: A MAIORES DA MÍNIMA ESIXIDA.

Curso de *especialización docente* (100 horas): 0.50 puntos

Curso de *metodoloxía didáctica* (150 horas): 0.75 puntos

Curso de *formador de formadores* (400 horas): 1 punto

Curso de *C.A.P. ou equivalente (máster en secundaria)*: 1 punto

Curso de *Docencia da Formación Profesional para o Emprego (SSCE0110)*: 1 punto

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de cursos de formación é de 1 punto.

5. Coñecementos do idioma galego:

Celga 5: **1 punto**

Só serán obxecto de valoración aqueles cursos ou titulacións homologadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

6. Puntuación final:

As persoas candidatas seleccionadas serán as que obteñan a maior puntuación (Máximo: 20 puntos), unha vez sumadas as puntuacións obtidas pola entrevista e o currículo persoal. No caso de empate serán de aplicación os Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas (base 5.2)

7. Proposta do tribunal

Finalizado o proceso selectivo, o Tribunal fará pública (mediante anuncio no taboleiro de anuncios da sede electrónica e páxina web municipais) a puntuación final total dos/as candidatos/as que teñan superado o proceso selectivo.

8.- Creación da bolsa de traballo

A Alcaldía-Presidencia resolverá a confección da bolsa de traballo composta polos/as aspirantes que sexan propostos/as polo Tribunal, en orden descendente de puntuacións.

9. Funcionamento e xestión da bolsa de traballo

O funcionamento e xestión da bolsa de traballo adecuarase ao previsto no Regulamento para a xestión de bolsas de traballo temporal no Concello de Ames (BOP nº 212, do 7 de novembro de 2018) ou o que o substitúa.

3º O GRUPO DE SELECCIÓN

1. O grupo de selección terá como función a valoración de méritos alegados polos/as aspirantes remitidos pola Oficina de Emprego de Santiago-Centro e os/as que presentasen na sede electrónica do concello de Ames a súa solicitude e a documentación requirida logo do anuncio da convocatoria da creación da bolsa de agarda no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

Os sucesivos anuncios referentes a este proceso selectivo serán publicados unicamente na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames, e a valoración das entrevistas ou probas que se realicen. Os membros serán designados dous de eles pola alcaldía do concello de Ames actuando un/unha deles como presidente e un pola alcaldía do concello de Brión, actuando como secretario/a (en virtude do artigo 21.1.g da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local).

O grupo de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto. O nomeamento destas/es asesores especialistas corresponderalle aos alcaldes de Ames e Brión a proposta do grupo de selección.

2. As decisións do grupo de selección tomaranse por unanimidade ou pola maioría simple dos membros presentes. A persoa designada como presidente/a, coa finalidade de dirimir os posibles empates nas votacións, disporá de voto de calidade.

Se, por calquera causa, no momento no que teñan lugar as reunións do grupo de selección, algún dos seus membros non puidera asistir, será substituído pola persoa que figurase de suplente para ela.

As reunións do grupo de selección recolleranse nas actas correspondentes.

Ningunha persoa interesada en formar parte do persoal do obradoiro poderá formar parte do grupo de selección nin auxiliar ao mesmo nas tarefas de selección.

O grupo de selección considerárase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de tres dos seus compoñentes.

Incidencias e reclamacións: As incidencias e reclamacións que se puidesen suscitar derivadas dos procesos de selección serán resoltas polo grupo de traballo.

4. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

4.1 Consideracións xerais.

O Concello de Ames tramitará a correspondente oferta de emprego na oficina de emprego de Santiago Centro, para logo proceder á selección definitiva das persoas candidatas.

Neste caso o procedemento utilizado consistirá na oferta de emprego e rexistrase como unha oferta de tipo A ordinario e oferta pública, nas que se adecuará o perfil das persoas candidatas aos baremos que se achegan nas páxinas seguintes. As ofertas de emprego serán elaboradas pola entidade promotora, tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia. As bases mais o anuncio da convocatoria publicaranse tamén no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Ames.

O prazo para a presentación de solicitudes de participación na bolsa será de **3 días dende o día seguinte do derradeiro anuncio realizado polos medios que se recollen no parágrafo anterior**. As persoas candidatas forzosamente deberán estar inscritas na oficina de emprego como demandantes de emprego e terán preferencia as persoas que, en igualdade de condicións de cumprimento do perfil requirido, **se atopen en situación de desemprego** (artigo 12.5 da Orde).

O número máximo de persoas candidatas a remitir realizada pola oficina de emprego para a participar no proceso selectivo para a listaxe de agarda será de dez (10), debendo considerar, na medida do posible, un mínimo de tres (3) persoas candidatas por posto.

O ámbito da sondaxe será o dos Concellos de Ames e Brión, ampliándose, no caso de non obter o número de candidatos/as suficiente, aos outros concellos dos ámbitos territoriais das oficinas de emprego a que pertencen os concellos promotores e, de ser necesario, a toda a provincia ou á Comunidade Autónoma de Galicia.

As persoas candidatas para a listaxe de agarda deberán presentar a documentación que sirva para a valoración dos méritos conforme ao establecido no Anexo I destas bases, antes das 14 h. do día seguinte ao da celebración da correspondente entrevista.

Presentaranse no Rexistro xeral do Concello de Ames, especificando de xeito claro que é para o Obradoiro Dual de Emprego RENOVA VII, de forma presencial ou a través da sede electrónica (<https://sede.concellodeames.gal>).

Os concellos de Ames e Brión comunicarán ás persoas candidatas preseleccionadas o día, hora e lugar de celebración da entrevista.

DOCUMENTACIÓN

A titulación académica, que se xustificará co correspondente título académico oficial, título provisional ou certificación académica na que conste o abono das taxas e a data de expedición do título.

Os cursos realizados, que se xustificarán cos correspondentes diplomas.

A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada, computándose as horas efectivas cotizadas.

Traballadores autónomos: alta no imposto de actividades económicas acompañada de informe de vida laboral. No caso de non estar obrigado, documento que lle exima de obrigación de cotizar.

Traballos no estranxeiro: certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos cotizados.

Terase en consideración os seguintes criterios xerais:

Titulacións complementarias: Valorarase posuír unha titulación académica distinta á mínima esixida para participar no procedemento selectivo sempre que a complemente ou estea relacionada coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado. Consecuentemente, a dita titulación mínima unicamente se terá en conta para determinar a admisión da persoa aspirante ao proceso selectivo, e non poderá ser obxecto de valoración posterior.

Experiencia profesional: Valoraranse os períodos de meses completos de traballo, tanto por conta propia como allea, en postos relacionados coa especialidade formativa a impartir ou actividade a desenvolver no proxecto formativo. Tamén poderá valorarse a experiencia docente na materia.

Se as bases establecen un tempo mínimo de experiencia profesional e/ou docente para acceder ao proceso selectivo, o dito período condicionarán a admisión do aspirante á selección pero non poderá ser obxecto de valoración posterior.

Cursos realizados: Deben estar relacionados coas funcións a desenvolver por quen resulte seleccionado, tendo en conta que non serán valorados aqueles que teñan unha duración inferior a vinte horas lectivas nin os que na súa documentación acreditativa non figure a súa duración en horas.

Coñecementos do idioma galego: Serán valorados aqueles cursos ou titulacións homologados pola Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. De acreditarse dous ou máis cursos ou titulacións só se terá en consideración o grao superior.

Aquelas persoas candidatas que xa presentaran a dita documentación acreditativa para o proceso selectivo de obradoiros de emprego, e lle fora valorada no ano 2023 para ao mesmo posto no concello de Ames, só precisarán presentar a actualización de méritos dende a última convocatoria valorada para o dito posto.

As persoas candidatas preseleccionadas que non cumpran cos requisitos de titulación e experiencia profesional, quedarán excluídas do proceso selectivo, polo que non terá lugar a entrevista e o seu currículo non será obxecto de baremación. Ao realizarse un dobre procedemento de valoración, obxectivo e subxectivo, deberán facerse de forma independente valorando primeiro os aspectos subxectivos e con posterioridade, e despois de facelos públicos, realizarase a valoración obxectiva.

As persoas que non se presenten á entrevista, serán excluídas do proceso selectivo.

O grupo de selección citará ás persoas candidatas admitidas para unha entrevista de selección na que se valorará a adecuación das mesmas aos postos de traballo ofertados. Estas entrevistas terán lugar nas datas e no local que fixe o tribunal. A dita entrevista, que terá por finalidade determinar as aptitudes e capacidades persoais para desempeñar o posto de traballo obxecto da convocatoria, non será eliminatoria e corresponderalle unha puntuación equivalente ao 35% da puntuación total máxima do proceso selectivo. O resultado das ditas valoracións será obxecto de exposición pública no mesmo local onde foron realizadas as entrevistas, na oficina de emprego de Santiago Centro e nas páxinas web dos Concellos de Ames e Brión.

O grupo de selección valorará os currículos conforme aos baremos e redactará a correspondente acta que se remitirá á Dirección territorial (Servizo de Formación e Colocación). A relación provisional das puntuacións outorgadas será exposta nos taboleiros da oficina de emprego de Santiago Centro e nos taboleiros e as páxinas web dos Concellos de Ames e Brión, debendo figurar o prazo para presentar reclamacións.

4.2 Criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións das persoas candidatas

Os criterios para dirimir os posibles empates entre as puntuacións obtidas por dúas ou máis persoas candidatas en cada unha das fases do proceso selectivo así como nas puntuacións finais, son por orden de prelación:

- a. O maior tempo acreditado como persoa desempregada.
- b. Completar na súa totalidade contratos anteriores como docente en programas ou obradoiros duais de emprego subvencionados pola consellería competente en materia de emprego da Xunta de Galicia.
- c. A puntuación acadada nas probas de aptitude e/ou coñecementos, de terse realizado.
- d. A puntuación obtida no apartado de experiencia profesional.
- e. De estar previstas nas bases, a puntuación outorgada no apartado de experiencia docente.
- f. A puntuación correspondente ás titulacións complementarias.
- g. A puntuación resultante no apartado de coñecementos do idioma galego.
- h. A puntuación obtida no apartado de cursos realizados.
- i. A persoa candidata de maior idade

5. Remate do proceso e validación.

Unha vez elaborada a proposta de persoal docente a integrar a listaxe de agarda para o proxecto, remitirase á correspondente dirección territorial que deberá verificar que cumpre todos os requisitos necesarios para participar no proxecto. Se algunha das persoas candidatas propostas non cumprira ditos requisitos a dirección territorial comunicáralo a entidade promotora para que poda substituílo pola seguinte persoa candidata da listaxe de reserva. No caso de producirse a eventualidade e se precise efectuar unha substitución, a contratación non se poderá facer efectiva en tanto a dirección non comprobe que o persoal docente reúne ditos requisitos, con independencia do proceso de selección empregado.

6. PUBLICACIÓNS E/OU NOTIFICACIÓNS PUNTUACIÓNS FINAIS, E LISTAXE DE RESERVA.

Finalizada a derradeira fase, a entidade promotora procederá a establecer as puntuacións finais das persoas candidatas participantes no procedemento.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados en cada fase e determinarán a orde de prelación das persoas aspirantes constituíndo a proposta para a súa inclusión na listaxe de agarda.

O grupo de selección acordará a publicación dos resultados, e tamén a publicación ou notificación, no seu caso, dos demais actos de trámite que poidan afectar aos intereses das persoas candidatas de acordo sempre co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e demais normativa aplicable. Estas publicacións realizaranse nos taboleiros dos concellos promotores, da dirección territorial e da Oficina de emprego de Santiago Centro, así como na páxina web dos dous concellos.

Rematado o proceso selectivo, elaborárase mediante decreto de alcaldía a listaxe de agarda integrada polas persoas candidatas que, tendo superadas todas as fases de selección, obtiveran as mellores puntuacións finais. Esta listaxe empregárase para cubrir as vacantes que se produzan no posto obxecto do proceso, ao longo do desenvolvemento do Obradoiro de Emprego.

No suposto de que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación pola entidade promotora, iniciárase un novo procedemento de selección, de conformidade co previsto nas instrucións que se determine pola consellería correspondente.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Concello de Ames
Finalidades do tratamento	Xestionar a convocatoria e resolución da bolsa de agarda Verificación dos datos aportados polas persoas candidatas.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha misión realizada en interese público fundamentada na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Destinatarios dos datos	A fin de darlle a publicidade legalmente esixida a este procedemento publicarase a listaxe de persoas admitidas e excluídas e a resolución do proceso no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do Concello de Ames.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís ou retirar o consentimento outorgado, mediante solicitude por escrito presentada no rexistro municipal do Concello (Praza do Concello, nº 2, 15.220, Bertamiráns - Ames) ou por calquera outro rexistro dos establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, e na que especificará cal destes solicita sexa satisfeito.
Contacto delegado/a de protección de datos e información adicional	https://www.concellodeames.gal/gl/atencion-cidada/proteccion-datos-persoais

Ames, a 14 de marzo de 2025

O alcalde

José Blas García Piñeiro

2025/1668